



Concello de Arbo

ACTA DO COMITÉ ORGANIZADOR PARA A PRESELECCIÓN DAS CORAIS PARTICIPANTES NO VII CERTAMEN DE CORAIS: "VILA DE ARBO", CELEBRADA O DÍA 27 DE MARZO DE 2019.

Tras a aprobación da bases do Certamen de Corais: "Vila de Arbo", por Alcaldía o día 17.01.19 para participar no Certamen de Corais: "Vila de Arbo" promovendo así o apoio a cultura musical, polifónica e coral, organiza este certamen o día 2 de xuño de 2019 en horario de tarde no Auditorio Segundo Gil Davila de Arbo.

Reunidos o día 27 de marzo de 2019, ás 11h, os membros do Comité organizador que a seguido se relacionan designados por Resolución da Alcaldía:

- Horacio Gil Expósito, alcalde do Concello de Arbo
- Indra Sesti di Lucca, soprano do Grupo de Cámara Minuetto
- Rafael Pérez Dopeso, director de la Coral Polifónica de San Roque
- César Posada Figueiras, director da Banda de Música Municipal de Arbo
- Raúl Rodríguez Álvarez, concelleiro de cultura do Concello de Arbo
- Jose Antonio Nieto Alonso, presidente da Coral Polifónica de Arbo
- Pablo Rodríguez Castro, técnico de comunicación do Concello de Arbo

Tendo en conta que nas bases se establecen estos premios:

- 1º Premio: 900,00 euros máis diploma acreditativo
- 2º Premio: 400,00 euros máis diploma acreditativo
- 3º Premio: 200,00 euros máis diploma acreditativo
- Premio Fecoga a mellor interpretación da obra de concurso: 500,00 euros máis diploma acreditativo
- Diploma de participación para o resto das corais que non obteñan premio

Según consta nas bases do certamen participarán un máximo de sete agrupacións corais no certamen.

Unha vez rematado o prazo para a entrega das propostas o 15.03.19, preséntanse en prazo 10 corais candidatas e debidamente rexistradas no rexistro do Concello:

- Coral Helénica de Pontevedra, 48 compoñentes CRE 247 15/03
- Asociación Camino de Santiago-Lugo, 25 compoñentes CRE 242 15/03
- Coral San Telmo de Tui, 43 compoñentes CRE 226 15/03
- Agrupación Coral "San Miguel" de Lores CRE 222 12/03
- Coral polifónica de Bueu, 36 compoñentes CRE 210 12/03
- Polifónica coruñesa Canticorum, 30 compoñentes CRE 219 12/03
- Coro de Cárnaras Ludus Tonalis (pertencente á Asociación Xogos Tonais), 14 compoñentes CRE 209 11/03
- Coral Centro Social Rivera Atienza, 23 compoñentes CRE 213 11/03
- Coral polifónica Frol Nova, 40 compoñentes CRE 99 01/02
- Coro A.M.V (Agrupación Musical de Vincios), 35 compoñentes CRE 78 31/01



Concello de Arbo

Unha vez examinadas por parte dos membros do xurado as propostas presentadas e admitidas, e tras establecer o resultado da súa valoración en base aos criterios fixados nas bases e relativos ao historial da coral e a calidade musical das súas interpretacións, procedendo á apertura da documentación e soportes nos que figuran os nomes e identificación dos autores dos mesmos, un Curriculum Vitae que inclúa a súa actividade de polo menos os últimos 3 anos, unha declaración xurada conforme non pertencen a ningunha escola ou conservatorio profesional de música e unha gravación propia realizada nos últimos 2 anos que inclúa polo menos 3 pezas do seu repertorio, sendo o resultado de selección o seguinte:

- 1º Candidata: Polifónica Coruñesa Canticozum
- 2º Candidata: Agrupación Coral "San Miguel" de Lozes
- 3º Candidata: Coral San Telmo de Tui
- 4º Candidata: ASC Amigos Camiño de Santiago
- 5º Candidata: Coral Polifónica de Bueu
- 6º Candidata: Coro de Cámara Ludus tonalis
- 7º Candidata: ~~Coro Polifónica de Bueu~~
- 8º Candidata:
- 9º Candidata:
- 10º Candidata:

De acordo coas bases, as propostas das corais presentadas e seleccionadas quedarán en poder do Concello, podendo facer uso das mesmas para calquera evento que desenvolva, e podendo ser obxecto de exposición ou reprodución por parte dos convocantes, sen que elo dea dereito a retribución algunha para os concursantes.

Escollidas as corais que participarán no VII Certamen Galego de Corais Vila de Arbo, as agrupacións terán 30 días naturais para remitir, foto actualizada e 1 exemplar da partitura da obra de presentación e de libre elección, todo isto dirixido ao servizo de cultura do Concello de Arbo en soporte informático ao correo electrónico comunicacionyprensa.arbo@gmail.com

Do mesmo xeito, poderá introducir algunha modificación na documentación presentada se existira algunha dificultade técnica para a súa impresión ou para introducir algún texto ou logotipo que non figure inicialmente nas bases.

As corais non seleccionadas devolvense aos seus autores as candidatas non seleccionadas aos seus autores, podendo estes pasar a recollelas polas dependencias municipais a partir do quinto día posterior ao fallo do comité organizador no mesmo lugar onde foron entregadas.

Non sendo outro o obxecto desta reunión, levántase a presente en Arbo a 27.03.19, sendo asinada polos asistentes en mostra da súa conformidade.



Concello de Arbo

-Horacio Gil Expósito, alcalde do Concello de Arbo

-Indra Sesti di Lucca, soprano do Grupo de Cámara Minuetto

-Rafael Pérez Dopeso, director de la Coral Polifónica de San Roque

-César Posada Figueiras, director da Banda de Música Municipal de Arbo

-Raúl Rodríguez Álvarez, concelleiro de cultura do Concello de Arbo

-Jose Antonio Nieto Alonso, presidente da Coral Polifónica de Arbo

-Pablo Rodríguez Castro, técnico de comunicación do Concello de Arbo

Arbo a 23/03/2019